

INTERVENCIÓN ARQUEOLÓGICA PARA LA IDENTIFICACIÓN E EXHUMACIÓN DUNHA FOXA CON VÍTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA NO CEMITERIO DE SANTA MARÍA DE ASADOS (RIANXO, A CORUÑA)

MEMORIA TÉCNICA



Data: Febreiro 2026

Promotor: Universidade de Santiago de Compostela:

Arqueóloga directora da intervención: M. Tania Rial Figueiras

Expediente: SA-2025-0685.AQX

Expediente Tempos Arqueólogos: T-25-224

Documentación complementaria: -Estudo histórico
-Informe antropológico forense



▷ TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. ▷ CIF B70608948
✉ info@tempos.es 🌐 www.tempos.es 📱 📱 TemposArqueologos
☎ 677 164 635 ☎ 650 337 454



Empresa inscrita no Rexistro Mercantil con número de protocolo 2020/58, asiento 79, Diario 112, inscripción primeira de folia SC50498, folio 62, tomo 373, Sección Xeneral de Sociedades

D-U-N-S ® 469525121

Contido

1. Ficha técnica do proxecto	4
2. Abreviaturas e signos	5
3. Introducción	6
4. Normativa aplicable	8
5. Contexto da investigación e antecedentes.....	18
6. Localización do ámbito de traballo	38
7. Contexto patrimonial.....	40
8. Formulación da intervención e obxectivos.....	44
9. Metodoloxía da intervención arqueolóxica	48
9.1. Estratexia de escavación	48
9.2. Rexistro da información.....	52
9.3. Fichas de rexistro.....	57
Fichas de rexistro das unidades estratigráficas.....	57
Fichas de rexistro das mostras que se recollan.....	59
- Esqueleto do corpo enteiro.....	61
- Cranio – vista anterior e posterior.....	62
- Cranio – vista lateral (esquerda – I - e dereita – D -).....	63
- Cranio – base e bóveda.....	64
9.4. Material arqueolóxico	65
10. Resultados dos traballos.....	66
10.1. Sondaxe 01	69
10.2. Ampliación oeste	79
10.3. Tapado	83
10.4. Índice de unidades estratigráficas.....	86
10.5. Matrix Harris unidades estratigráficas.....	87

10.6. Materiais	88
10.6.1. Mostras	92
11. Conclusións	93
12. Temporalidade da actuación e equipo arqueolóxico	95
13. Relación nominal do equipo que participa na intervención.....	96
14. Certificados.....	97
15. Planimetría.....	108

- Plano 1. Localización da Igrexa de Santa María de Asados. MTN (escala 1:12.000)
- Plano 2. Detalle Localización da Igrexa de Santa María de Asados. PNOA (escala 1:400)
- Plano 3. Localización da sondaxe no adro da Igrexa de Santa María de Asados (Rianxo, A Coruña). PNOA (escala 1:200)
- Plano 4. Planta da sondaxe coas foxas 01 e 02 previa escavación. (escala 1:25)
- Plano 5. Planta da sondaxe coas foxas 01 (escavada) e 02 (vista UE 106) (escala 1:25)
- Plano 6. Planta da sondaxe coas foxas 01 e 02 escavadas (escala 1:15)
- Plano 7. Planta da sondaxe coas foxas localizadas (escala 1:15)
- Plano 8. Perfil norte, zona leste (escala 1:11)
- Plano 9. Perfil leste (escala 1:12)
- Plano 10. Perfil sur (escala 1:20)
- Plano 11. Perfil oeste (escala 1:7)
- Plano 12. Perfil norte, zona oeste (escala 1:5)

Anexo I: Fichas estratigráficas

Anexo II: Fichas de mostra

1. Ficha técnica do proxecto

Título do proxecto

Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santa María de Asados (Rianxo, A Coruña)

Actividade Sondaxes arqueolóxicas

Clasificación da actividade Ligada a programa de investigación

Parroquia Asados (Santa María)

Municipio: Rianxo

Provincia: A Coruña

Supervisión:

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Expediente: SA-2025-0685.AQX

Promotor:

Universidade de Santiago de Compostela

Arqueóloga directora:

M. Tania Rial Figueiras

Datas traballo de campo: 27/10/2025 -07/11/2025

Empresa arqueolóxica:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.

CIF B70608948

Telf. 650 33 74 54 – 677 16 46 35

Info@tempos.es

www.tempos.es

2. Abreviaturas e signos

a.C.	Antes de Cristo
d.C.	Despois de Cristo
Cal	Calibrado
BOE	Boletín Oficial do Estado
DOG	Diario Oficial de Galicia
BOPO	Boletín Oficial da Provincia da Coruña
BIC	Ben de Interese Cultural
DXPC	Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
LPCG	Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
LPHE	Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
DAAG	Decreto 199/1997, de 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
PXOM	Plan Xeral de Ordenación Municipal
PBA	Plan básico autonómico
m	Metros
ha	Hectáreas
m.s.n.m.	Metros sobre o nivel do mar
N	Norte
S	Sur
E	Leste
W	Oeste

3. Introducción

Redáctase a presente memoria técnica coa finalidade de achegar os resultados da intervención arqueolóxica consistente nunha sondaxe valorativa no interior do recinto do cemiterio de Santa María de Asados, concello de Rianxo (A Coruña), entre os días 27 de outubro e o 7 de novembro de 2025, no marco da investigación que se está levando a cabo ao abeiro do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Depordes, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actuacións de Memoria Democrática en Galicia en 2025.

O dito convenio ten como obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre os organismos sinalados para levar a cabo as tarefas de Memoria Democrática no exercicio 2025.

As actuacións da Memoria Democrática 2025 integra tres liñas estratéxicas fundamentais distribuídos para a atención dos seguintes fins:

- Localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura (Liña 1).
- Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos, e de dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos (Liñas 2 e 3).

Liñas e espazos de actuación de Memoria Democrática 2025 en Galicia:

- Fosa de Luou (Teo). Trátase dunha fosa de 1948 con 4 persoas enterradas. A tipoloxía da fosa é: resistencia Antifranquista.
- Fosa de Asados (Rianxo). Trátase de realizar a exhumación da fosa situada no cemiterio de asados (Rianxo) onde estarían os corpos de dúas persoas.
- Fosa de Narón/Catabois. Trátase de realizar as análises antropolóxico-forenses e xenéticas a un dos restos da fosa de Santa María a Real de Narón, que están depositados nun nicho do cemiterio de Catabois. Esta

persoa, é unha das 51 enterradas na fosa que foi exhumada clandestinamente en 1945 e trasladada a outro lugar.

- Fosa de Viana do Bolo. Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria dunha persoa torturada e asasinada polos golpistas en agosto de 1936, na curva das Revendeitas. Posteriormente sería inhumada no cemiterio máis próximo, no Castro, na parroquia de Pexeiros.
- Fosa de A Capela. Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria no cemiterio da Capela para localizar e identificar os restos das vítimas da violencia do golpe de Estado, da retagarda e da guerra civil de 1936. Hai constancia de que alí foron enterrados en agosto de 1936, varias persoas.
- Fosa de San Pedro de Filgueira (Crecente). Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria no cemiterio de San Pedro de Filgueira (Crecente) onde foi enterrada unha persoa, asasinada na ponte de Castrelo de Miño o 25 de novembro de 1936.
- Fosa de Lousame. Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria no cemiterio de Santa Eulalia de Vilacoba (Lousame), onde foron enterradas cinco persoas.
- Fosa de Ribeiras de Sor. Trátase de realizar a primeira fase do estudo da fosa de Ribeiras de Sor (Mañón), onde están enterradas 7 persoas.

4. Normativa aplicable

No ámbito da normativa internacional, ademais do recollido nas convencións e tratados relativos á actividade arqueolóxica propiamente dita, cómpre ter en conta que o Estado español ratificou no ano 2009 a Convención Internacional para a Protección de todas as Persoas contra as Desaparicións Forzosas de 2006.

Segundo o artigo 2 da Convención, enténdese por desaparición forzada —o *arresto, a detención, o secuestro ou calquera outra forma de privación de liberdade que sexan obra de axentes do Estado ou por persoas ou grupos de persoas que actúan coa autorización, o apoio ou a aquiescencia do Estado, seguida da negativa a recoñecer dita privación de liberdade ou do ocultamente da sorte ou o paradiro da persoa desaparecida, subtraéndoa á protección da lei* // .

A Convención non só establece a obrigaón dos Estados de tipificar este tipo de delitos e castígalos conforme á súa gravidade, senón que sinala tamén o deber das administracións públicas de buscar, de oficio, ás persoas sometidas a desaparición forzada, así como esclarecer a sorte das mesmas. Do mesmo xeito, recoñece o dereito dos familiares e achegados a coñecer a verdade sobre o acontecido cos seus seres queridos. En consecuencia, o cumprimento das obrigaóns – de investigación das denuncias e a localización dos corpos – deben ser tarefas asumidas pola autoridade e realizadas cos recursos necesarios e apropiados para ilo (art. 24).

Por outro lado, a Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenzas relixiosas, durante a Guerra Civil e a Ditadura, dispón no seu artigo 1 que o obxecto da norma é —*recoñecer e ampliar dereitos a favor dos que padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenzas relixiosas, durante a Guerra Civil e a Ditadura, promover a súa reparación moral e a recuperación da súa memoria persoal e familiar, e adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división*

entre os cidadáns, todo ilo con fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións de españois en torno aos principios, valores e liberdade constitucionais // .

Ademais, engádese que se pretende —o fomento dos valores e principios democráticos, facilitando o coñecemento dos feitos e circunstancias acaecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura, e asegurando a preservación dos documentos relacionados con este período histórico e depositados en arquivos públicos // .

A lei obriga ás Administracións Públicas a facilitarlle, no marco das súas competencias, aos descendentes directos das vítimas que así o soliciten, as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior e cuxo paradiro se ignore (art. 11), para o cal as administracións Públicas competentes autorizarán as tarefas de prospección encamiñadas á localización de restos das vítimas de acordo coa normativa sobre patrimonio histórico e o protocolo de actuación (art. 13).

Este protocolo ao que se alude foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 232, de 27 de setembro de 2011) por medio da Orde PRE/2568/2011, de 26 de setembro, logo do Acordo adoptado polo Consello de Ministros a tal efecto na súa reunión do día 23 de setembro do 2011.

O protocolo elaborouse coa finalidade de servir como guía metodolóxica e procedimental, coa finalidade de servir de referencia para os que desexan iniciar un proceso de busca, recuperación e identificación de persoas desaparecidas, naqueles casos nos que non exista un protocolo de actuación aprobado pola Comunidade Autónoma que corresponda.

Segundo o recollido no devandito protocolo¹, considérase que a apertura e exhumación dunha foxa común é unha tarefa interdisciplinar e que require a intervención de historiadores, arqueólogos e especialistas forenses.

¹ Recollese parte do contido do Protocolo coa finalidade de que sirva tamén como guía metodolóxica durante a execución dos traballos.

A solicitude para a realización de traballos relativos á apertura e exhumación dunha foxa debe ser presentada, tal e como se sinala no protocolo de actuación, para que sexa aprobada pola Comunidade Autónoma correspondente e pola entidade local na que se atopen os restos, e debe ir acompañada dun proxecto no que, sempre que sexa posible se acrediten os seguintes extremos:

- Identificación do organismo, asociación ou particular que promove a actuación e razóns para ilo.
- Estudo documental previo sobre a localización da foxa e dos individuos que poden aparecer.
- Identificación do equipo técnico que procederá á exhumación, con identificacións dos responsables.
- Características esenciais do proxecto de intervención arqueolóxica e, no seu caso, da investigación forense a realizar.
- Calquera outro dato que sexa de interese para a avaliación e viabilidade do proxecto.

Una vez que a Administración autorice as actuacións contidas no proxecto, o procedemento constará das seguintes fases:

- Investigacións preliminares.
- Intervención arqueolóxica.
- Investigación forense dos restos humanos.
- Informe final.
- Destino final dos restos.

En canto á intervención arqueolóxica, o protocolo distingue tres apartados: informes e autorizacións, as actuacións propiamente ditas e o informe final.

En canto aos informes e autorizacións, os promotores da exhumación deben realizar as seguintes actuacións:

- Elaborar un informe previo sobre a localización e características da foxa.

- Elaborar un proxecto de intervención único que englobe, como primeira fase, a de prospección do entorno da foxa, para a súa localización exacta, e unha segunda fase de escavación, a non ser que o proxecto soamente contemple un dos aspectos, por pospoñer a segunda ou por estar a primeira xa realizada.

O contido do proxecto será o seguinte:

- Descrición dos traballos de arqueoloxía e planificación.
 - Metodoloxía, no que deberá consignarse no caso da prospección a execución de tarefas de observación e/ou uso de métodos xeofísicos de teledetección. Tanto na prospección como na escavación, explicitarase a metodoloxía empregada no rexistro de datos e documentación, o tratamento e depósito dos materiais. Deberanse empregar as técnicas de prospección máis adecuadas, segundo o estándares de investigación admitidos internacionalmente.
 - Medios humanos e materiais.
 - Tempo de execución da intervención ou data de inicio dos traballos.
 - Custo previsto da intervención.
- Solicitar os permisos e autorización correspondentes.
 - Permiso por escrito dos familiares dos falecidos ou dos seus representantes legais. No caso necesario, tanto a entidade local como a Comunidade Autónoma onde se localicen os restos deberán realizar publicacións en taboleiros municipais, boletín provinciais ou autonómicos ou diarios de maior difusión. A oposición por parte de calquera dos familiares ou das entidades que os representan á exhumación deberá ser ponderada pola Comunidade Autónoma, á vista do cal, e tendo en conta os intereses dos familiares en primeiro termo, logo de darlle audiencia a estes interesados, decidirá a realización total, parcial ou a non realización dos traballos.

- Acceso aos terreos: no caso de que se trate de terreos de titularidade pública, as autoridades competentes autorizarán, salvo causa xustificada de interese público, a ocupación temporal dos terreos. Si se trata de terreos de titularidade privada, deberase obter o consentimento dos titulares de dereitos afectados sobre os terreos nos que se atopen os restos. Se non se obtivese o dito consentimento, deberásele comunicar á Administración competente para o inicio dos trámites para a ocupación temporal dos terreos. A ocupación temporal dos terreos terá a duración estritamente necesaria para a realización das tarefas de prospección e escavación e rexerá polo previsto na normativa aplicable en materia de expropiación forzosa. As actuacións reiniciaránse cando se resolva o expediente administrativo sobre ocupación dos terreos.
- Deberase solicitar autorización para realizar as tarefas de prospección, exhumación, e identificación á Administración titular dos terreos. Ademais deberase cumprir cos requisitos establecidos polas Comunidades Autónomas en canto a escavacións arqueolóxicas (obtención de permisos, rexistro de materiais, prazos, etc.). Tamén se necesita o correspondente permiso da entidade local onde se atopen os restos, nos casos en que resulten afectadas as competencias de execución que corresponden aos municipios ou outros entes locais (cemiterios e servizos funerarios, execución urbanística, obras ou outros servizos).
- Os achados poñeránse inmediatamente en coñecemento da entidade local correspondente, da Comunidade Autónoma, Policía ou Garda Civil, así como ao Xulgado de Instrución competente. Si se trata de terreos adscritos á Administración Xeral do Estado ou as súas entidades instrumentais, tamén se poñerá no seu coñecemento.

Xa no relativo as actuacións propiamente ditas, o protocolo especifica que os pasos a seguir son os seguintes:

- Planificación: dirección, identificación dos membros do equipo, distribución de tarefas, plan de escavación, material necesario. Respecto aos membros do equipo, e na medida en que así o requiran as necesidades de exhumación, articularase a participación de todos ou algún dos seguintes técnicos:
 - Arqueólogos: dirixirán a actuación dende o punto de vista da arqueoloxía. Sería preferible que tiveran experiencia na escavación de necrópoles.
 - Expertos en antropoloxía forense: realizarán a investigación *in situ* cando sexa necesaria e a vixilancia do traslado dos materiais.
 - Expertos en medicina forense: se a exhumación se realiza dentro dun cemiterio.

Por outra parte, o material necesario dependerá da localización da foxa, así como do número de persoas cuxa localización e exhumación se pretende. Débese dispor do equipo de escavación necesario segundo os estándares da investigación recoñecidos internacionalmente, sendo recomendable o uso de instrumentos pequenos como palustres, brochas, espátulas de madeira e instrumentos odontolóxicos. A utilización de medios mecánicos deberá ser excepcional e xustificada en cada caso.

- Documentación das tarefas realizadas. A título de exemplo, e como referencia, a documentación podería facerse en texto, debuxo, foto e vídeo. Debese fotografar a zona de traballo antes de iniciar as tarefas e despois de que conclúan. Así mesmo, elaborárase un “Diario” das actuacións, especificando os técnicos que interveñen, tempo de dedicación e as incidencias que se produzan.

En tal sentido, débese documentar sobre o terreo calquera dato que axude na identificación dos restos, a recollida de calquera elemento asociado aos individuos (efectos persoais, restos de tecidos, etc) ou aos feitos ocorridos (casquiños e restos de munición, etc).

- Escavación: aos procedementos de escavación asistirán, si así manifestaron o seu desexo, os familiares directos das vítimas. Son de aplicación ás intervencións arqueolóxicas as previsións do título V, relativas ao patrimonio arqueolóxico, da Lei 16/1985, de 25 de xullo, sobre o Patrimonio Histórico Español, así como as normas aprobadas sobre esa materia polas CCAA. Estes procedementos axustaranse aos estándares de investigación recoñecidos internacionalmente. A tal fin, estímase de especial importancia actuar tendo en conta as seguintes consideracións:
 - Débense ter en conta os fundamentos do procedemento de escavación en canto a referencias métricas, extracción ordenada, cribado de terras, toma de mostras, retirada de terras, observación dos perfís de gabiá, protección do lugar, recolección de evidencias, observación do material *in situ*, tratamento dos restos, etc.
 - É fundamental o establecemento dun perímetro de seguridade, balizado e protexido para evitar o deterioro ou espolio dos restos, ao que só teña acceso o persoal autorizado. En todo caso débese poñer especial coidado e meticulosidade na conservación e non deterioro dos materiais extraídos.
 - En caso de localización de restos, comunicáraselle tanto á Comunidade Autónoma, como á entidade local, ao Xulgado de instrución competente, como á policía ou garda civil a entidade e características dos achados.
- Levantamento de restos: realizarase sempre coa participación de expertos en antropoloxía forense, garantindo a cadea de custodia a fin de reflectir todas as incidencias da mostra, dende que se realiza a toma ata que se destrúe ou devolve.
- Custodia dos restos e extracción de mostras: os expertos elixirán mostras que sexan significativas para proceder á identificación dos restos achados e que permitan un mellor análise para os fins deste protocolo. En canto ao resto dos achados, se non fora factible o seu traslado ao

laboratorio que realice as análises, serán ou ben trasladados ao cemiterio do municipio, ou ben a aquel lugar que o Concello especifique, ou ben, manteranse debidamente protexidos e referenciados, no lugar do achado. A opción a elixir será a que apunten os expertos en antropoloxía, de acordo cos medios que ofrezca o Concello ou a Comunidade Autónoma, e sempre tendo en conta a necesidade de identificación e preservación dos restos. En calquera caso, o traslado e a preservación realizaranse de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, a normativa local que sexa de aplicación ao caso, ou a estatal, no suposto de que os restos se foran a trasladar a outro país.

- Traslado de mostras: deberanse reflectir e archivar datos na toma de mostras, na conservación, no transporte, na entrada ao laboratorio, durante o análise, e despois da análise. O informe, en todo caso, debe axustarse á Orde JUS/1291/2010, de 13 de maio, pola que se aproban as normas para a preparación e remisión de mostras obxecto de análise polo Instituto de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (BOE de 19 maio de 2010), cando sexan remitidas a dito instituto. No resto dos casos poderán servir ditas normas de referencia para o análise das mostras, ao igual que as Recomendacións para a recollida e o envío de mostras con fins de identificación xenética da Sociedade Internacional de Xenética Forense, publicadas polo Ministerio de Xustiza. En todo caso, o traslado de restos requirirá autorización da Comunidade Autónoma e Entidade Local competente e farase de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, coa normativa local, ou estatal, no suposto de que os restos se vaian a trasladar a outro país.

Xa por último, no relativo ao informe que debe dar conta dos traballos realizados, o protocolo sinala que se especificarán as seguintes cuestións:

- Os compoñentes do equipo, as tarefas asignadas e as tarefas realizadas.
- Descrición e inventario dos restos localizados.
- Situación dos restos exhumados.
- Medidas de protección e conservación dos restos dende o seu descubrimento ata o seu destino previsto, especificando responsables e os detalles de conservación, embalaxe e depósito dos restos.
- Axuntarase levantamento planimétrico e unha ficha para cada individuo, no que se consignarán as incidencias antropolóxicas destacables.
- Axuntaranse os documentos gráficos e fotográficos pertinentes.

En relación á normativa vixente en materia de intervencións arqueolóxicas na Comunidade Autónoma de Galicia, o presente proxecto obedece ao recollido no artigo 96 da LPCG que establece que para a realización de actividades arqueolóxicas, como é o caso, resulta necesario presentar un proxecto que conteña un programa detallado e coherente, que acredite a conveniencia e interese científico da intervención e que avale a idoneidade técnica de quen asuma a dirección. Ademais, segundo o disposto no artigo 6 do DAAG, o proxecto debe conter:

- Metodoloxía e plan dos traballos.
- Plano topográfico fixando a situación e emprazamento exacto do proxecto presentado.
- Medios cos que se conta para un adecuado desenvolvemento dos traballos.
- Tempos de execución con datas previstas de inicio e remate da actuacións e /ou as súas fases.
- Relación nominal do equipo técnico previsto, entendido como aquel persoal titulado con formación específica que detente áreas de responsabilidade na execución do proxecto, especificando a capacitación profesional de cada membro.

- Currículo do arqueólogo director, con especial referencia profesional no tipo de actividade para a que se solicita autorización.
- Todos os datos que contribúan á concreción do proxecto.

5. Contexto da investigación e antecedentes

Ao remate da Guerra Civil, a Administración franquista dispuxo procedementos para que aquelas persoas que o desexaran puideran exhumar dalgún parente. Con esa finalidade publícase a Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asasinados polos roxos, na cal se establece que *" toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asesinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, puede solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para le traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes // . A solicitude de autorización para a realización da exhumación tiña que ser presentada —por el familiar del finado de máis próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios // .*

ORDEN de 1 de mayo de 1940 sobre exhumaciones e inhumaciones de cadáveres de asasinados por los rojos.

Ilmo. Sr.: Por Orden 6 de mayo de 1939, se dispuso que todo aquel que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos asasinado por la horda marxista, para ser inhumado en el cementerio, podía solicitarlo dentro del plazo de seis meses, sin que tuviera que abonar derechos sanitarios de ninguna clase.

Numerosas instancias fueron presentadas al amparo de dicha disposición, y muchas más siguen presentándose después de transcurrido el plazo marcado, porque con posterioridad al mismo se van localizando los cadáveres a que se refieren.

Atento este Departamento a atender tan justas aspiraciones de los familiares de aquellos que gloriosamente cayeron por Dios y por España víctimas de la barbarie roja,

He tenido a bien disponer:

Primero.—Toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asasinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, puede solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para el traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes.

Segundo.—Si la exhumación y consiguiente inhumación hubieran de hacerse en lugares de distinta provincia, la solicitud habrá de ser elevada a la Dirección General de Sanidad.

También habrá de dirigirse la instancia a la Dirección General de Sanidad cuando la inhumación haya de verificarse en criptas, templos, casas religiosas o en sus locales anejos. Si hubiera de practicarse en alguna iglesia o casa religiosa, habrá de preceder la autorización eclesiástica.

Tercero.—La instancia solicitando la autorización correspondiente será elevada por el familiar del finado de más próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios.

Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asasinados polos vermellos (BOE núm. 130 de 09/05/1940).

Ao pouco publicase a Orde de 22 de xullo de 1940 aclaratoria da de 1º de maio último sobre exhumacións e inhumación de cadáveres de persoas asasinadas durante o período roxo. Nesta aclárase que o disposto na Orde do 1 de maio do mesmo ano non afectaba *"a la eficacia y permanencia de las resoluciones que la autoridad judicial tenga acordadas o acuerde, prohibiendo o condicionando las exhumaciones de cadáveres de hechos delictivos"*.

Á súa vez, procedeuse a elaborar unha sorte de censo de persoas falecidas ou desaparecidas que non entraban no suposto de causantes das pensións recoñecidas na lexislación de guerra. Así, mediante Orde de 18 de maio de 1941 pola que se dá prazo para establecer un censo dos familiares dos caídos en defensa de España establécese que as persoas interesadas – *—familiares de los caídos en defensa de España //* – que careceran de pensión tiñan un mes para formular unha declaración ante a Delegación Rexional do Traballo (art. 1) na que debía figurar o nome do interesado e o do parente falecido, así como o parentesco entre ambos, o número de fillos menores de idade ao seu cargo, patrimonio e ingresos, así como os *—servicios prestados a la Patria por el familiar muerto //*.

Só os familiares das vítimas do bando franquista foron autorizados a localizar, exhumar e reinhumar os restos dos seus achegados enterrados en foxas comúns. Estes familiares recibiron axudas económicas para levar a cabo estas tarefas e algunhas foxas puideron acotarse e doúselles a mesma protección legal que aos camposantos.

Neste senso, a comezos de abril de 1940 publicase a Orde de 4 de abril de 1940 dispoñendo que polos Concellos se adopten medidas que garantan o respecto ao lugares onde xacen enterradas as vítimas da revolución marxista. Nesta dispónse que *"con el fin de evitar posibles profanaciones y de guardar respeto debido a los restos sagrados de los mártires de nuestra Cruzada, los Ayuntamientos acotarán y cerrarán de modo provisional, pero que reúna las precisas garantías de seguridad, aquellos lugares en donde conste de manera*

cierta que yacen restos de personas asesinadas por los rojos, que non han sido identificados o reclamados por sus familiares // (art. 1).

Feito isto debíase solicitar a declaración do lugar como “*tierra sagrada*”, como si se tratase dun novo cemiterio municipal (art. 2), e no caso de que o número de individuos fora moi reducido, trasladaríanse a unha parcela designada para esta finalidade no cemiterio máis próximo (art. 3).

ORDEN de 4 de abril de 1940 disponiendo que por los Ayuntamientos se adopten medidas que garanticen el respeto a los lugares donde yacen enterradas las víctimas de la revolución marxista.

La diversidad de los lugares donde la saña marxista conducía a sus víctimas para darles muerte, ha motivado la existencia, en muchos términos municipales de los que padecieron la dominación roja, de sitios varios en que yacen restos humanos que, al no haber sido posible su identificación, no han reclamado hasta la fecha los familiares para traslado al cementerio.

El homenaje debido a nuestros mártires exige que, hasta tanto puedan ser recogidos dichos restos en el Panteón de los Caídos, se adopten con carácter provisional medidas que aseguren el respeto a los expresados lugares, convirtiéndolos en tierra sagrada, bajo el cuidado de los Ayuntamientos.

Por ello,

Este Ministerio ha dispuesto:

Artículo 1.º Con el fin de evitar posibles profanaciones y de guardar el respeto debido a los restos sagrados de los mártires de nuestra Cruzada, los Ayuntamientos acotarán y cerrarán, de modo provisional, pero que reúna las precisas garantías de seguridad, aquellos lugares en donde conste de manera cierta que yacen restos de personas asesinadas por los rojos, que no han sido identificados o reclamados por sus familiares.

Art. 2.º Acotado el lugar, la Corporación solicitará, de la correspondiente Autoridad eclesiástica, que se le conceda el carácter de tierra sagrada, en la misma forma que si se tratase de un nuevo cementerio municipal.

Art. 3.º En el caso de que el número de Caídos sea muy reducido, el Ayuntamiento acordará y verificará su traslado a una parcela designada para este exclusivo objeto en el Cementerio más próximo, haciéndolo constar en ella con la debida reverencia.

Orde de 4 de abril de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asesinados polo vermellos (BOE núm. 96 de 05/04/1940)

Coñécense outros exemplos de exhumacións autorizadas e realizadas no pasado século, e tense coñecemento tamén da realización de exhumacións masivas a finais dos 70, cando se transitaba cara a democracia, a pesar de que apenas existe documentación que o acredite. Mais non é ata o ano 2000 cando se comezan a abrir foxas comúns da Guerra Civil española con metodoloxía científica, e cando se comeza a andar un camiño, do que aínda queda moito que transitar, cara a recuperación da memoria democrática, a identificación e recoñecemento das vítimas do xenocidio e a reparación do dano causado nas súas familias.

Dende aquel ano 2000 no conxunto do Estado español exhumáronse máis de 500 foxas comúns e recuperáronse miles de restos (Etxebarria e Solé, 2019), destacando o período comprendido entre o ano 2007 e o ano 2011 en canto ao número de foxas exhumadas, o cal hai que poñer en relación á aprobación da coñecida como Lei da Memoria Histórica no ano 2007, e o apoio - económico - do Goberno central naquela altura.

En Galicia, e atendendo aos datos recollidos por Lourdes Herrasti (2020), nos últimos 20 anos realizáronse un total de 27 exhumacións de foxas comúns recuperándose un total de 75 individuos.

A II Conferencia Sectorial de Memoria Democrática – órgano creado para a cooperación entre administracións co fin de levar a cabo tarefas consultivas, decisorias e de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas en todo o relativo ás políticas de Memoria Democrática – acordou en setembro do 2022 os criterios de reparto, así como o propio reparto, dos fondos previsto nos Orzamentos Xerais de 2022, para busca, identificación e dignificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura.

O crédito destinado á Comunidade Autónoma de Galicia ascende a 102.511,04 €.€, os cales teñen como obxecto a realización das tarefas de localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura, así como para actividades de divulgación dos traballos efectuados e resultados conseguidos e de dignificación dos lugares

de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos.

Con esta finalidade, subscríbese un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver, ao longo do período 2021-2024, as seguintes liñas estratéxicas:

- Localización, exhumación e identificación de vítimas.
- Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos.
- Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria.

No marco do devandito convenio, no ano 2021 realizáronse dúas intervencións arqueolóxicas:

- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa común con vítimas da represión franquista no Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- Intervención arqueolóxica na Igrexa de San Pedro de Filgueira (Crecente, Pontevedra) para a identificación e exhumación dos restos de César Alberte.

No caso da primeira, o espazo intervindo correspóndese fundamentalmente – realizouse tamén unha sondaxe máis ao norte deste espazo principal - ao lugar no que se previa a localización dunha foxa común na que se atoparían depositados restos humanos de vítimas que violencia que acompañou ao golpe de Espado de xullo de 1936, un espazo situado na esquina sur do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa. Nesta zona, a diferenza do resto da metade máis occidental do cemiterio, non se levantaron bloques de nichos, deste xeito o espazo unicamente se viu afectado pola existencia de antigas tumbas, tres panteóns, unha pequena fonte e un monólito “en lembranza dos republicanos que xacen desde 1936 nesta foxa común”, tal e como indica unha inscrición.

En concreto, os restos que presumiblemente se atopaban no espazo intervido corresponderíanse a: Rodrigo Berruete Alexandre, Manuel Limeres Ordóñez, Antonio Sayanes González, Manuel Díaz Hermo, Urbano Tarrío Montero, Pilar Fernández Seijo, Josefa Barreiro González, Luíz Castro Lojo, Eduardo Ferreirós Boullosa, Avelino Fuentes García, Amador Gómez Agustiño, Luíz Iglesias Galáns, Inocencio Lamas Bugallo, Joaquín Ramos Patiño, José Ramón Roo Pérez, Luíz Vilas Barreiro, Luis Aragunde Alfonsín, Matias Bouzada Torrado.



Zona de intervención no cemiterio municipal de Vilagarcía.



Zona na que se interveu no cemiterio municipal de Vilagarcía.

No sector máis meridional da área intervida no se identificaron restos de ningún tipo, así como tampouco evidencias de escavacións ou remoción do terreo realizadas con anterioridade – elementos interfaciais verticais - . Unicamente nos espazos escavados entre as tumbas existentes se identificaron estruturas correspondentes a enterramentos, se ben, ningún deles tiña as características propias dos que se esperaba atopar – restos en cadaleitos e aparentemente sen indicios de violencia -. En todo caso, cómpre chamar á atención sobre as reutilizacións documentadas de enterramentos, así como sobre os enterramentos sen restos – posiblemente pola retirada destes para seren depositados en nichos de construción máis recente -, procesos que afectaron a boa parte da área intervida na que se identificaron enterramentos e que dificultan que a día de hoxe o proceso de busca levado a cabo.

No caso da intervención efectuada en Crecente, tendo en conta a información da que se dispoñía logo das investigacións feitas en relación ao lugar no cal foran depositados os restos de César Alberte, nomeadamente a información aportada por quen foi enterrador na parroquia de Filgueira, propúxose a realización dunha sondaxe na cabeceira da igrexa parroquial, pola parte externa do muro do inmovible, a cal inicialmente se proxectou cunhas dimensións de 6x3 metros, máis que finalmente alcanzou unhas dimensión de 8x3 metros.



Zona da intervención arqueolóxica na Igrexa de San Pedro de Filgueira



Traballos de escavación na Igrexa de San Pedro de Filgueira

Durante os traballos de escavación identificáronse os restos – cranios fundamentalmente - de sete individuos con sinais de violencia, así como un esqueleto completo dun individuo en posición primaria e non funeraria. Todos estes restos están en proceso de análise polo que aínda non é posible asocialos a César Alberte, ou a outras posibles vítimas da represión franquista asasinadas no ámbito da zona de estudo.

No ano 2022, no marco do xa mencionado convenio, realizáronse 3 intervencións arqueolóxicas:

- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa común con vítimas da represión franquista no Cemiterio parroquial de San Rosendo de Celanova (Ourense)
- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa común con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santiago da Capela (A Capela, A Coruña)
- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa común con vítimas da represión franquista no cemiterio parroquial de Santaia de Vilacoba (Lousame, A Coruña)

Na intervención desenvolvida en Celanova, tendo en conta a información da que se dispoñía realizouse unha sondaxe 30 m2 no aire oeste da parte nova do cemiterio, nunha parte actualmente axardinada.

Os restos que probablemente se atopaban no espazo intervido corresponderíanse a: Baldomero Vigil-Escalera, Marcelino Fernández García, Guillermo de Diego Álvarez, Alfonso Moreno Gayol, Abelardo Suárez del Busto, Belarmino Álvarez García, Mariano Blanco González. Todos eles veciños de Xixón, trasladados ao mosteiro de San Salvador de Celanova e fusilados en setembro de 1939 na tapia da igrexa parroquial.



Zona de intervención no cemiterio parroquial de San Rosendo de Celanova



Lugar no que se desenvolveu a sondaxe. Estado previo

Procedeu-se á recuperación dos restos de 7 individuos. A foxa estaba formada por unha zanza duns 5 m de lonxitude e uns 40 cm de ancho. Acumulaba dous corpos na zona Este (un encima doutro), dous corpos na zona Oeste (un encima doutro) e tres corpos entre ambos os grupos, tamén uns encima doutros. Seis dos sete individuos localizados na foxa presentaban signos de violencia.

Tralos análises forenses realizados, encabezados polo antropólogo forense D. Fernando Serrulla, do Instituto de Medicina Legal de Galicia, conclúese que entre os restos recuperados ayopábanse os de Marcelino Fernández García (mecánico de 23 anos) e Abelardo Suárez del Busto (albanel de 29 anos). En canto aos demais restos exhumados non se descarta que puideran ser presos do penal de Celanova.

No caso de A Capela como paso previo á realización de movementos de terra, propúxose a realización dunha prospección mediante xeo-radar ou ground penetrating radar. Os datos achegados pola prospección amosan a complexidade da disposición do subsolo das áreas exploradas do cemiterio (antiga parte civil e eclesiástica) Tralo procesado dos datos da prospección e tendo en conta as informacións recollidas polos historiadores propúxose a realización dunha sondaxe de 2x2 m na zona sueste do cemiterio, preto do muro que delimita o seu terreo e outra de 2x0,5m na parte posterior do cemiterio, unha área afastada da porta de entrada e preto do antigo muro de peche a fin de corroborar ou non as hipóteses da localización das foxas de Joaquín Antón Rodeiro, Francisco Guerreiro, Manuel Franco Bermúdez, Ramón Agrad Fernández, Manuel Prado Allegue e dos irmáns Sardiña Navarro (Celestino e Ramón).



Prospección con xeorrádar IDS RIS FAStWave SOT no cemiterio de Santiago de A Capela

Trala intervención arqueolóxica constatouse que non había indicios de remocións do terreo nin restos de inhumacións nos emprazamentos onde se realizaron as sondaxes.

No que respecta ao espazo intervido no cemiterio parroquial de Santaia de Vilacoba (Lousame) este correspondeuse coa zona sueste do cemiterio, xa que as fontes orais situaban nesta zona a posible foxa na que foi enterrado Manuel García Hermo. Nesta zona, procedeuse á localización dun enterramento clandestino dun varón adulto que presentaba signos de violencia. O estudo xenético permitiu excluír que os restos pertencesen a Manuel García Hermo, e abre a porta a futuras investigacións de outras posibles vítimas da represión franquista asasinadas no ámbito da zona de estudo.



Situación das áreas intervidas no cemiterio parroquial de Santaia de Vilacoba



Traballos de escavación no cemiterio parroquial de Santaia de Vilacoba

No ano 2023, no marco do xa mencionado convenio, realizáronse 3 intervencións arqueolóxicas:

- Exhumación da foxa do cemiterio do Castro (Pexeiros), Viana do Bolo (Ourense).
- Exhumación da foxa do cemiterio de San Salvador de Trasanqueros, Oza-Cesuras (A Coruña).
- Exhumación da foxa do cemiterio de Santa María a Maior do Val, Narón (A Coruña).

Coa intervención no cemiterio de O Castro, pretendíase recuperar os restos de Anunciación Casado Atanes ("La Pasionaria"), veciña de San Mamede, enterrada no citado cemiterio de Castro, paseada o 21 de agosto de 1936 na leira de Gracinda polos militares sublevados. Esta contou con 2 fases. Nunha primeira fase realizouse unha sondaxe nun lateral do cemiterio, -entre o muro do adro e o muro norte da igrexa- xunto a placa conmemorativa que leva o seu nome. Baixo os niveis superficiais, foron localizados dous enterramentos de época contemporánea, posiblemente da segunda metade do século XX polos restos plásticos localizados sobre estes.

Posteriormente, realizouse unha segunda fase, xa que , durante a realización dos traballos de escavación da sondaxe 1 e grazas a un informante que afirmaba coñecer de primeira man o lugar de enterramento, realizouse unha segunda escavación para comprobar esta información, a 10 m cara o E da sondaxe 1, que se denominou Sondaxe 2. Nesta sondaxe, trala retirada dos depósitos superiores, foi localizado un enterramento que se deu en nomear Tumba 3. Este enterramento, atópase a 1 m 10 cm de potencia, tallado parcialmente no substrato rochoso cara o S, en nos niveis de recheo cara o N, podería pertencer a unha muller de idade e estatura compatibles coa que tiña Anunciación no momento do seu deceso, segundo a información dada.



Situación das sondaxes realizadas no cemiterio de O Castro

Tamén se realizaron traballos de prospección por metalodetección no lugar onde Anunciación foi paseada, a chamada Curva das Revendeitas, os resultados obtidos durante estes traballos foron negativos.



Traballos de prospección

No que respecta ao espazo intervido no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos realizáronse dúas sondaxes, unha ao E, detrás da igrexa (sondaxe 100) cunhas dimensións de 3x3 m e outra no lateral N do templo (sondaxe 200) cunhas dimensións de 1m de ancho no extremo W, 70 cm no extremo E e 3.80 m de longo.

Estes traballos realizados afondaron no coñecemento do cemiterio de Trasanquelos, un lugar que presenta un gran nivel de revolto debido á constante actividade de reihumación, tan característica dos cemiterios rurais galegos. Así, por un lado vemos como no sector 100 aparecen dende a retirada da capa vexetal gran cantidade de restos inconexos, abundancia que aumenta segundo afondamos nas UUEE 103 e 104, resultando no achado de 10 cranios na cata realizada no flanco W e de 3 fosas na mesma cata.

Por outra banda, no sector 200, foron localizados 4 individuos, enterramentos que polas súas características son posteriores aos anos 30. Polo tanto, estes, posiblemente desprazaron os restos óseos anteriores, restos achados por toda a sondaxe (UUEE 202 e 203), dos que destacamos o grupo denominado restos 02, os cales contiñan unha serie de ósos longos e dous cranios, que tras ser observados polo antropólogo forense en campo podían ser susceptibles de pertencer a Rafael Fernández e Juan Torreiro, xa que presentaban, polo menos un, signos de violencia.



Localización das áreas intervidas no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos

No que respecta ao ano 2024, leváronse a cabo dous proxectos arqueolóxicos:

- Ampliación da Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santa María a Maior do Val (Narón, A Coruña).
- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio da igrexa parroquial de Cabreira (Salvaterra de Miño, Pontevedra).

No municipio de Narón, os traballos realizados entre os días 4 e 15 de novembro de 2024 tiveron como obxectivo a ampliación da intervención arqueolóxica realizada no ano 2023-2024. En base aos datos obtidos durante a campaña anterior propúxose a escavación dun total de 29,3m². A intervención circunscribiuse á área perimetral dos nichos sitos ao W do cemiterio cunha anchura de 1 m dando un resultado positivo en canto aos obxectivos concretos do proxecto permitindo localizar e delimitar parcialmente enterramentos ou foxas clandestinas. Ao mesmo tempo a intervención permitiu constatar a afección directa do corpo de nichos, feito que impediu a exhumación dos restos.

Realizada a intervención, esta confirmou a existencia de dous enterramentos colectivos sincrónicos (sector 3 con canto menos 3 individuos e sector 4 con canto menos 2 individuos). Por outra banda, no sector 4 localízase un enterramento individual (individuo 14) e no sector 3 os restos doutro enterramento posiblemente individual (individuo 11, do que soamente se localizan restos de calzado e 5 metatarsos). No sector 2 localízanse 7 individuos que puideran pertencer a un mesmo enterramento tipo foxa.

A disposición dos corpos no sector 3 e 4 mostra a mestura de membros, con total ausencia de orde e organización, consecuencia de deixar caer os corpos aleatoriamente. Neste caso púidose afirmar que estamos ante foxas que acollen a inhumación clandestina construída ex profeso para este fin, presentando unha secuencia deposicional que reflicte un só momento, sen constatar hiatos temporais entre as vítimas, mostrando unha clara sincronía

entre os corpos.

No caso da inhumación individual do sector 4 (individuo 13) podería corresponderse con enterramentos irregulares, se ben non se pode constatar, o mesmo acontece co individuo 11. Neste último caso cabe a posibilidade de que fora enterrado, nalgún momento sen determinar, un individuo cuxos restos foron posteriormente exhumados para depositalos noutra localización, quizais nalgún dos nichos da parte do cemiterio máis recentemente construída.

No tocante ao sector 2, localizáronse 7 individuos que atendendo á disposición dos restos poderían presentar indicios como mínimo dun enterro non tradicional.

Os datos da intervención arqueolóxica permitiron marcar a situación das foxas no cemiterio de O Val debaixo dos nichos que se sitúan na zona W do cemiterio. Ao mesmo tempo, os resultados permiten falar de que estamos ante un espazo no que presumiblemente se atoparían varias foxas de que responden tanto a momentos temporais como a dinámicas de enterramento diferentes. Hai que ter en conta que estaríamos falando de 52 vítimas asasinadas en 7 datas diferentes e sendo grupos de diferentes tamaños .

Non se realizou a exhumación dos restos óseos nin se chegou ao rexistro completo de todas as foxas que poden existir no cemiterio debido á propia situación das mesmas. Con toda probabilidade quedarían varias foxas debaixo dos bloques de nichos construídos a mediados do S.XX.

Con respecto á intervención na parroquia de Cabreira (Salvaterra do Miño), realizada en novembro de 2024, pretendíanse recuperar os restos de 5 individuos, os supostos paseados de Moaña.

A sondaxe realizada deu un resultado positivo en canto a localización de individuos, posiblemente catro dos cinco represaliados que se buscaban na intervención vencellados coa represión franquista.

Neste senso, nun primeiro momento realizouse unha sondaxe de 3,5 m x 4 m x 1,40 m x 4 m, onde foron localizados os restos de dous individuos, e cunha posterior ampliación de un apéndice de 1,5 m x 1,5 m x 1,5 m cara o E da

sondaxe inicial, co obxectivo de localizar os restos de tódolos individuos.

No primeiro momento foron localizados dous enterramentos, en caixas de madeira que se deron en chamar Individuo 1 e Individuo 2. Entre os diferentes obxectos persoais que se localizaron durante os traballos, entre as pernas do Individuo 1 foi localizado unha vaina de bala de pistola semiautomática de 9 mm, probablemente unha Astra 400, arma regulamentaria dos exércitos tanto o Republicano como o Sublevado durante a Guerra Civil Española, aínda que esta arma ten unha longa traxectoria no exército profesional e é complexo acoutar o seu uso.

Na segunda ampliación, foron localizados os Individuos 3 e 4.

Tanto este como a localización de obxectos persoais non comúns nos enterramentos, como pode ser a dunha carteira con moedas pertencentes a República Portuguesa datadas entre os anos 1924 e 1926, anos previos a Guerra Civil. A localización destas moedas nunha carteira e a súa cronoloxía, fai pensar que non se tratan de enterramentos comúns.

Cara o E da sondaxe entre os individuos 1 e 2 e os Individuos 3 e 4, localízase unha foxa que se atopaba reenchida con material descontextualizado. Esta foxa valeira, tanto pola súa orientación, coma pola súa forma, así como a localización entre os dous grupos de enterramentos, fai pensar que se trata de unha exhumación de un quinto individuo, xa que non é posible que se atope ao E da sondaxe (pola localización de tumba históricas neste sector) coma ao W da sondaxe, pola situación dun muro, o que fai que a ausencia de un quinto individuo nos fala dunha posible exhumación clandestina do mesmo, momentos despois do seu enterramento.

Durante a realización da sondaxe, foron localizados diferentes restos de índole arqueolóxica. No intre de seren localizados, deuse aviso de forma telemática a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Estes restos localízanse ao NW da sondaxe maiormente, e están vencellados ao mundo romano, ou tardoromano, ao tratarse de un pavimento, un *opus signinum*, cortado en dous momentos: o primeiro, por unha foxa circular na esquina NW da sondaxe, e nun momento posterior, polos enterramentos

exhumados nesta intervención. Neste senso cabe destacar a localización de tres foxas circulares escavadas nos niveis xeolóxicos, e que se atopan baixo os niveles dos enterramentos exhumados durante a intervención. Estas foxas non foron escavadas o non atoparse dentro dos obxectivos da intervención.

Tamén foi localizado un muro, do que conservamos soamente a última fiada, probablemente vencellado o pavimento, e que se atopa cortado tamén por estes enterramentos.

Xa no extremo E da sondaxe, foron localizados dúas tumbas históricas de laxas de pedra e de cronoloxía indeterminada que se atopan cortados tamén polos enterramentos exhumados, e que non foron escavadas polo mesmo motivo que o resto dos achados arqueolóxicos.

Os materiais arqueolóxicos recuperados falan, en xeral dun xacemento vencellado ao mundo romano ou da tardoantigüidade.

En canto os obxectivos da intervención, en xeral, os resultados son positivos, aínda que non son concluintes, xa que soamente as probas tanto forenses coma os análises xenéticos que se están a realizar, poden determinar se os restos óseos recollidos na sondaxe, pertencen a catro dos 5 individuos que se estaban a procurar como obxecto principal desta intervención. Os restos exhumados foron trasladados a Unidade de Antropoloxía Forense do Instituto Legal de Galicia, coa finalidade de sometelos ás analíticas pertinentes a efectos de identificar se pertencen ou non a represaliados, e de ser o caso, poñer os restos a disposición dos seus familiares.

De seres negativos os resultados xenéticos e forenses, procederá a devolución dos restos ao lugar do que foron exhumados.

6. Localización do ámbito de traballo

A intervención arqueolóxica está situada no concello coruñés de Rianxo, concretamente no cemiterio de Santa María de Asados. Trátase, na actualidade, dun espazo limitado ao redor da Igrexa, rodeado pola construción de panteóns verticais, excepto no lateral N, así como tamén se levou a cabo unha ampliación do mesmo fora dos muros da igrexa, en concreto cara o E.



Localización do cemiterio de Santa María de Asados, Rianxo.

As coordenadas UTM (ETRS89) Fuso 29N da zona de actuación son as seguintes:

- X: 517379
- Y: 4725021

A información histórica indicaba nuns casos, que a foxa atopárase na chamada tumba dos forasteiros, mentres que noutros casos, apuntábase a que os

restos das dúas persoas asasinadas estarían situados entre a oliveira e os nichos construídos precisamente no 1936 ao NE do recinto, zona na que se realizou a presente intervención.



Zona NE do cemiterio, entre a oliveira e os nichos (der.) vista dende o SE

7. Contexto patrimonial

En canto á protección patrimonial, o proxecto desenvólvese no ámbito de protección de varios elementos patrimoniais recollidos no PBA.

- Igrexa de Santa María de Asados
- Casa Reitoral

En canto á contorna da intervención, localízase próximo:

- Cruceiro de Asados




Elementos patrimoniais PBA

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Rianxo_32542	-	A Coruña
NOME		NOME_FICHA
Cruceiro de Asados		15072_Rianxo_32542



SITUACIÓN		INTERESE
Lugar	Asados	ETN
Parroquia	Asados (Santa María)	ARC: Arqueolóxico ABS: Antropolóxico ART: Artístico LIN: Lingüístico FIS: Histórico IND: Industrial
Concello	Rianxo	X,Y ETRS89 UTM29
Código INE	15072	517294 : 4725099
DESCRIBCIÓN		

18305

8. Formulación da intervención e obxectivos

O espazo obxecto da intervención arqueolóxica é unha foxa ou enterramentos individuais, na que se atopan depositados os restos de 2 vítimas da violencia que acompañou ao golpe de Estado de xullo de 1936. As foxas forman parte do itinerario que seguían aquelas persoas obxecto desa violencia, sendo o estadio e o espazo final polo que pasaban tras decidirse o seu destino: o asasinato. A efectos de catalogación, son un espazo de enterramento. Os espazos regulares de enterramento están relacionados co tipo de inhumación, co enterramento regular do cadáver nun cemiterio, nunha tumba ou nun nicho identificable; cando a inhumación da vítima non se realiza seguindo ese procedemento, atopámonos ante enterramentos levados a cabo de forma irregular, dos que son paradigmáticos os enterramentos en foxas.

Dentro das foxas aínda existe unha distinción máis a ter en conta a efectos da súa catalogación. Á hora de identificalas e estudalas podemos atoparnos con foxas en campo aberto, é dicir, con foxas comúns que non están relacionadas cun cemiterio, se non que se identifican como tal debido ao abandono de corpos tras o asasinato, producíndose o enterramento nun lugar determinado no que permanecen soterrados sen ser trasladados. Por outra banda, atopamos as foxas comúns de cemiterio, isto é, aqueles espazos existentes dentro dun cemiterio, empregados para outro tipo de inhumacións, e que serviron ao mesmo tempo para o traslado e enterro dos corpos dalgúns asasinados. Son, polo tanto, espazos que xa eran empregados con anterioridade e que foron empregados con posterioridade, pero que tamén serviron como lugar de enterramento para as vítimas.

A foxa do cemiterio de Santa María de Asados, pertence a esta segunda tipoloxía. Debido a isto, o estudo histórico previo á intervención sobre a mesma cobra unha gran importancia, pois ten como obxectivo analizar todos os datos dispoñibles para, na medida do posible, recoñecer o espazo concreto que se empregou para enterrar ás vítimas da violencia. Con isto preténdese facilitar a labor arqueolóxica e economizar os esforzos para que sexa o máis eficiente posible. Delimitar o espazo físico sobre o que se actuará é unha decisión,

ademais, interdisciplinar e consensuada entre os historiadores encargados do estudo, os arqueólogos que a levarán a cabo e o responsable antropólogo forense. Entre todos veñen de concretar ese espazo tras realizarse o estudo previo.

O estudo histórico – realizado polos investigadores e investigadoras do Grupo Histagra - comezou co coñecemento das vítimas enterradas na foxa. O coñecemento da identidade das vítimas é o que permite o seguinte paso da investigación: a documentación de todos os datos posibles relacionados con elas para conseguir identificalas e situalas da forma máis precisa posible. Neste sentido, Galicia ten unha posición privilexiada dentro do conxunto do Estado, pois grazas ao Proxecto Nomes e Voces (2006-2012) contamos cunha base de datos (victimas.nomesevoces.net) na que se atopan catalogadas todas as vítimas da violencia que sucedeu ao golpe de Estado, con numerosos ítems asociados que refiren as diferentes fontes ás que recorrer para a documentación de cada unha desas vítimas. É grazas á base de datos de Nomes e Voces que se puido facer unha primeira achega á documentación asociada a cada asasinado -por exemplo, os rexistros de defuncións-, o que tamén permitiu coñecer que cantidade de información temos dispoñible en cada caso.

Coa intervención obxecto do presente proxecto preténdíase recuperar os restos de 2 vítimas da represión franquista, ámbalas dúas paseadas cun mes de diferenza aproximadamente, as cales estarían nunha foxa ou fosas situadas no adro da igrexa.

A continuación móstrase a información dispoñible sobre as vítimas.

Manuel Piñeiro Abeijón foi paseado no alto da Paradegua, sendo o seu corpo abandonado na estrada próxima á igrexa de Asados. Non quedan testemuñas directas e a memoria que fica revela que foi a veciñanza- en plena celebración das festas patronais—quen levou o corpo de Manuel á caseta das autopsias para logo ser inhumado.

Porén, nalgúns casos dise que os restos da vítima se atopan na tumba dos

forasteiros; e noutros que están nunha fosa entre a oliveira e os nichos, que foron construídos precisamente en 1936. Mercedes Piñeiro López, súa neta, tamén considera que seu avó xace xunto a oliveira, xa que é aí onde unha veciña de Asados llo indicou recentemente. Porén, hai moi pouco que coñeceu esta parte da historia da súa familia.

Manuel Piñeiro Abeijón era un labrador de Belles, parroquia de Macenda, Boiro. Tiña 31 anos cando foi asasinado, e estaba casado con Carmen Piñeiro Bermúdez, ca que tiña dous fillos.

Francisco López Pérez (Fontevella). Case un mes despois do asasinato de Manuel, o 12 de setembro de 1936, Francisco tamén foi paseado no alto da Paradegua, sendo despois levado preto da igrexa. Segundo as pescudas realizadas ata o momento, Francisco foi soterrado xunto a oliveira, lugar onde tamén se baralla a hipótese de que estea Manuel. O neto de Francisco, de nome homónimo, corrobora esta localización, xa que é aí onde ían os fillos de Francisco López a visitar ao defunto.

Francisco foi asasinado cando tiña 34 anos, era natural de Taragoña e estaba casado con María do Carmen Carou Pereira, nada en Asados, tiveron catro fillos. Dedicábase ao transporte de madeira por mar e pertencía ao Sindicato de Oficios Varios.

Se ben dispoñemos de información de ámbalas dúas vítimas que nos pode facilitar a súa identificación, é preciso continuar as pesquisas para aclarar a localización da ou das posibles fosas. Cabe ter en conta que a hipótese principal era que se atopa entre a oliveira e os nichos, pero a memoria é un tanto difusa e incluso nos levou á parte do adro que vai desde a oliveira cara a casa das autopsias, ou mesmo á tumba dos forasteiros, como xa indicamos.

Tomando como hipótese máis viable a localización nas proximidades da oliveira aínda hoxe presente na parte NE do cemiterio antigo, levouse a cabo a realización dunha sondaxe no entorno da árbore mencionada cunhas dimensións máximas de 7.75 m no eixo NW-SE, de 4.20 m de ancho no flanco

SE e 2.10 m de ancho no flanco NW, non afectando ao camiño que descorre polo cemiterio.



Área de actuación ao NE do cemiterio (vermello)

9. Metodoloxía da intervención arqueolóxica

9.1. Estratexia de escavación

En base aos datos da investigación histórica realizouse a proposta do punto de verificación mediante unha sondaxe arqueolóxica. Ao remate dos traballos a sondaxe foi tapada devolvendo o cemiterio ao seu estado orixinal.

Enténdese por sondaxe arqueolóxica, conforme ao establecido no artigo 95 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a remoción de terras complementaria da prospección orientada a comprobar a existencia de restos arqueolóxicos ou a recoñecer a súa estratigrafía.



Igrexa de Santa María de Asados, vista dende o N



Detalle do lateral S do cemiterio, vista dende o W



Detalle do lateral S do cemiterio, vista dende o E



Detalle do lateral N do cemiterio, vista dende o W



Detalle do lateral NE do cemiterio, vista dende o SE

Para a realización do proxecto contouse coa colaboración, tanto na investigación histórica como na busca, localización e exhumación do Antropólogo Forense Fernando Serrulla, do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Esta colaboración considérase esencial de conformidade cos protocolos vixentes sobre a materia, e nomeadamente co recollido no Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da Guerra Civil e a Ditadura comentado en anteriores apartados deste proxecto.

Fernando Serrulla conta con 20 anos de experiencia en exhumacións da Guerra Civil española, interveu en máis de 100 exhumacións en colaboración coa Sociedade de Ciencias Aranzadi, foi designado forense responsable no convenio asinado coa Xunta de Galicia no 2022 para acometer exhumación, e é doutor pola Universidade de Granada, adicando a súa tese doutoral á Antropoloxía Forense da Guerra Civil española.

9.2. Rexistro da información

A sondaxe levouse a cabo con medios manuais. Empregouse a técnica de escavación estratigráfica con alternancia de escavación por niveis artificiais. En consecuencia, a intervención avanzou seguindo a secuencia estratigráfica real do terreo, ou ben mediante a retirada en sucesivas capas artificiais ata detectar cambios significativos na estratigrafía, para a continuación realizar unha escavación estratigráfica.

O rexistro e descrición dos diferentes estratos e interfaces que compoñen a estratificación arqueolóxica realizáronse atendendo á adaptación do modelo harrisiano proposto en 1999 por César Parcero Oubiña, Fidel Méndez Fernández e Rebeca Blanco Rotea.

Para facilitar e axilizar o rexistro da información durante os traballos de escavación, así como co obxectivo de xerar un rexistro homoxéneo e coherente en canto aos conceptos, termos e criterios de avaliación empregados, dispúxose dunhas fichas de rexistro previamente confeccionadas como as que se axuntan.

Para a descrición dos depósitos usaranse os seguintes criterios:

Cor	
<i>A cor debe recollese preferiblemente en húmido (fresco), usando os nomes das cores comúns xunto co contrastado directo co código de cores Cailleux. Fixarase a cor predominante, sen impedimento de que se recollan outros tons ou se sinale a variación de cores.</i>	
Composición granulométrica	
<i>Diferenciarase entre texturas de fracción fina (partículas inferiores a 2 mm de diámetro) e grossa (partículas superiores aos 2 milímetros). Para a fracción fina diferenciarase entre (de máis a menos fino) limos, areas e arxilas, mentres que a fracción grossa se clasificará en gravas (2-60 mm), pedras (61-200 mm) ou bloques (>200 mm).</i>	
Estrutura	
<i>A estrutura refírese á organización interna de cada unidade, diferenciarase entre estruturados e non estruturados.</i>	
Compactado / consistencia	
<i>Solto</i>	<i>Non coherente</i>
<i>Suave</i>	<i>A masa ou partículas que forman parte do depósito están moi debilmente unidos e fráxiles, disgregase facilmente baixo presión moi lixeira.</i>
<i>Duro</i>	<i>Moderadamente resistente á presión. Pode disgregarse cos dedos.</i>
<i>Moi duro</i>	<i>Moi resistente á presión. Pode disgregarse coas mans só con dificultade.</i>
<i>Extremadamente duro</i>	<i>Extremadamente resistente á presión. Non se pode disgregar coas mans.</i>
Textura	
<i>Non adherente</i>	<i>O material (Sedimentario) predominante coa que está composto o depósito unha vez liberada a presión practicamente non se adhire aos dedos.</i>
<i>Lixeiramente adherente</i>	<i>O material predominante co que está composto o depósito unha vez liberada a presión o material adhirese aos dedos pero despréndese completamente.</i>
<i>Adherente</i>	<i>Despois da presión o material adhirese aos dedos e tende a estenderse bastante cando se separan os dedos.</i>
<i>Moi adherente</i>	<i>Logo da presión, o material adhirese</i>

	<i>fortemente aos dedos e é decididamente extensible cando estes se separan.</i>
Plasticidade	
<i>Non plástico</i>	<i>Non se forma cordón.</i>
<i>Lixeiramente plástico</i>	<i>Fórmase cordón pero rómpese inmediatamente se se curva en forma de aro.</i>
<i>Plástico</i>	<i>Fórmase o cordón pero rómpese ao dobralo en forma de aro.</i>
<i>Moi plástico</i>	<i>Fórmase cordón e pódese dobrar sen que se rompa.</i>
Límites	
<i>Abrupto</i>	<i>0-2 cm</i>
<i>Claro</i>	<i>2-5 cm</i>
<i>Gradual</i>	<i>5-15 cm</i>
<i>Difuso</i>	<i>>15 cm</i>
Abundancia de restos	
<i>Estéril</i>	<i>0 elementos</i>
<i>Moi poucos</i>	<i>2-5 elementos</i>
<i>Poucos</i>	<i>5-10 elementos</i>
<i>Abundantes</i>	<i>10-20 elementos</i>
<i>Extremadamente abundantes</i>	<i>>20 elementos</i>

Para a descrición de elementos interfaciais verticais/cortes:

Tipo de estrutura	<i>Indicarase a tipoloxía atendendo aos criterios de fosa/silo, oco de poste, gabia, etc.</i>
Forma en planta	<i>Refírese a forma da boca en planta, que se diferenciara entre globular, cuadrangular ou irregulares.</i>
Dimensións e profundidade	<i>Deixarase constancia do tamaño en planta e a fondura medida entre a boca e a base, entendida como o extremo máis afastado da boca.</i>
Paredes	<i>Farase referencia a si as paredes son simétricas ou non, e indicarase, cando sexa posible, a pendente das paredes medidas entre a boca e a base.</i>
Niveis de recheo	<i>Seguiranse os criterios establecidos para a descrición das secuencias estratigráficas.</i>
Observacións	<i>Indicaranse tamén aquelas características que resulten de interese e non foran rexistradas na descritiva.</i>

Para a descrición de estruturas emerxentes empregaranse os seguintes criterios:

Tipo de estrutura	<i>Atenderase á tipoloxía de muro, pavimento, fogar, muralla, cámara, xamba, lintel, etc.</i>
Tamaño e acabado dos materiais	<i>Descríbese o tamaño e características dos materiais que forman a estrutura, indicando si se usa máis de un tipo de material e, no caso de ser estruturas de pedra, indícase, na medida do posible, o tipo de aparello.</i>
Cimentación	<i>Descríbese o sistema empregado (gabiá, etc.).</i>
Forma	<i>Farase constar a forma da estrutura, tanto en planta como en alzado.</i>
Dimensións	<i>Farase constar o ancho, o alto e a lonxitude da estrutura.</i>
Orientación	<i>En relación aos eixos cardinais ou outros elementos de referencia.</i>
Observacións	<i>Indícanse aquelas características que resulten de interese e non foran rexistradas na descritiva.</i>

Empregarase coordenadas absolutas, utilizando o sistema de coordenadas UTM, coa proxección ETRS89 Fuso 29N. Para o desenvolvemento da intervención contarase preferentemente cunha estación total ou GPS subcentimétrico que permita recoller datos espaciais, tanto relativos á localización de restos de interese como para a delimitación e representación dos estratos e interfaces identificados. Fotografaranse todos aqueles elementos e entidades arqueolóxicas que resulten de interese para os obxectivos deste proxecto. A totalidade do rexistro fotográfico realizarase en soporte electrónico de alta resolución (NIKON D3400, NIKON D3200, ou semellantes).


Para a documentación planimétrica priorizarase o emprego da fotogrametría terrestre, se ben, cando non sexa posible, empregaranse o método tradicional de debuxo, delineando cada unha das entidades ou elementos de interese identificados en planta ou nas seccións de parede a escala 1:20 para logo procesar os debuxos mediante software de deseño

gráfico.


En consecuencia do exposto, a documentación xerada mediante técnicas como a fotogrametría ou mediante o emprego de instrumentos topográficos de precisión, entregarase en formato electrónico, en soporte shapefile (shp) ou compatibles, coa finalidade de que permita unha fácil interacción entre sistemas SIX.

FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE


XACEMENTO:	ANO:	CÓD. INTERVENCIÓN:	SECTOR:
TÍTULO UE			
Atributos	Valores	Atributos	Valores
Tipo UE		Cor (positivas)	
Potencia		Compactación (estratos)	
Orientación		Granulometría (estratos)	
Inclinación		Fotografía (non, indicar motivo)	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	<small>Indicar en función dos eixos carteseos X, Y e Z a ser posible</small>		
Forma			
Composición/Materiais			
Frecuencia e tipo de materiais	<small>Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos</small>		
Debuxo	Si: Perfil: <input type="checkbox"/>	Planta: <input type="checkbox"/>	Non: <input type="checkbox"/>
Topografía	Si: Estación: <input type="checkbox"/>	GPS: <input type="checkbox"/>	Fotogrametría: <input type="checkbox"/>
Mostra	Si: Datación: <input type="checkbox"/>	Flotación: <input type="checkbox"/>	Testemuña: <input type="checkbox"/>
Descrición			
<p>Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo. Elementos construtivos: materiais, tratamento/bela, técnica construtiva/aparato, morteiro/juntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións. Interfacc construtiva: forma, dimensións, observacións. Bosques: indicar UE de maneira numérica no mesmo. ← ↑ → ↓ ↗ ↘ ↙ ↚</p>			
Relacións		Igual a _____	
Cuberta por _____		Cobre a _____	
Reenchida por _____		Reenche a _____	
Cortada por _____		Corta a _____	
Apóiaselle _____		Apóiasse en _____	
Interpretación			
Redactor/a da ficha:	Data:	Fase:	Revisada:

REGISTRO DE MOSTRAS

		ACTUACIÓN	SECTOR	CATA	URs	UE(s)	Nº			
Registrado por _____							Data _____			
RECOLLIDA	Tipo de material _____									
Mostra dirixida a										
Datación	Carpolexia	Palinolexia	Itiofauna	Maleocolexia	Fauna	Sedimentolexia	Microfauna	Fosfatos	Antracolexia	Outros
Forma de recollida	Aleatoria	Agrupada	Illada	Total	Nº Litros: _____					
Risco de achados intrusivos:	Alto:	Medio:	Baixo:							
Motivo do risco:										
Tipo de estrutura / UE										
Observacións e descrición da localización										
Registro gráfico	Sección			Plantas		Fotos				


ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA

Escala:	Coordenadas esquina inferior esquerda	X		NORTE
UR(s):		Y		




Botarase man, ademais do glosario de termo, dos esquemas anatómicos recollidos no Protocolo de Minnesota sobre a Investigación de Mortes Potencialmente Ilicitas (2016) coa finalidade de representar, de ser o caso, as características dos restos humanos que se identifiquen.


- **Esqueleto do corpo enteiro**





- Cranio – vista anterior e posterior.



- Cranio – vista lateral (esquerda – I - e dereita – D -).



- Cranio – base e bóveda.



9.4. Material arqueolóxico


O material arqueolóxico atopado durante a intervención foi vinculado á UE de localización. Foi lavado, siglado e inventariado, depositándose no museo que a Administración considere oportuno. A sigla proposta é: **FA25.UE/01** (Foa Asados Ano 2025.número de UE/ número de peza). Foi realizada unha base de datos de materiais, en formato Excel, no que se incluírá a sigla de cada fragmento, o material no que está realizado e súa tipoloxía, ademais de outros datos que poidan resultar de interese para a súa mellor identificación e contextualización.

O resto óseo identificado foi entregado ao antropólogo forense para a súa análise.

10. Resultados dos traballos

Entre os días 27 de outubro e o 7 de novembro de 2025 leváronse a cabo os traballos de Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santa María de Asados (Rianxo, A Coruña).

Estes consistiron na realización dunha sondaxe de planta irregular de 20 m² no espazo disposto en torno á oliveira situada na cara interior do muro N do adro da igrexa e o camiño pavimentado que da acceso ao cemiterio polo S.



Dimensións da sondaxe realizada



Sondaxe realizada (vermello) no N do adro da igrexa. PNOA

A sondaxe realizada sitúase nas seguintes coordenadas UTM (ETRS89 Fuso 29N):



Planta da sondaxe

PUNTO	X	Y
A	517379.65	4725022.73
B	517381.71	4725022.17
C	517383.18	4725021.29
D	517380.78	4725017.89
E	517374.59	4725022.20
F	517375.56	4725024.01
G	517376.51	4725023.47

10.1. Sondaxe 01

Os traballos comezaron ao SE da oliveira, no espazo disposto entre a mencionada árbore e a liña de panteóns construídos no ano 1936, para a continuación avanzar cara o S e o NW da oliveira.



Estado inicial da zona de intervención, vista desde o SE

O primeiro paso foi retirar a **UE 100** consistente nun depósito de cor marrón escura, adherente, de compactidade media-baixa no que se localizaron fragmentos de vidros, plásticos, anacos de tella e un cravo metálico. Ocupaba todo o espazo da sondaxe e contaba cunha potencia entre os 10 e os 15 cm.

Este depósito está cuberto por vexetación conformando o nivel de uso actual.



Retirada da UE 100, vista dende o SW



UE 100 sen cepellón na zona SE da oliveira, vista dende o SE

Baixo esta unidade estratigráfica localizouse un nivel de terra orgánica (**UE 101**),

de cor marrón escura, adherente, de compactidade media alta cara o flanco E, mentres cara o flanco W a súa dureza era menor. Contaba cunha potencia de entre 15 e 25 cm, ocupando ao toda a superficie obxecto de estudo.



UE 101, vista dende o E

Baixo esta, localizouse un novo depósito (**UE 108**), tamén de cor marrón escura, de textura arxilosa e compactidade media. Contaba cunha potencia máxima de 40 cm, a cal foi localizada en toda a superficie aberta.

Na esquina SE da sondaxe esta UE presentaba puntos de cor marrón-amarelenta difuminados, xunto coa presenza dunha pedra fincada. Tras a retirada desta UE no sector E da sondaxe, foi posible observar claramente que este cambio de coloración xunto coa rocha, significaba a existencia de dúas negativas identificadas como foxa 01 e foxa 02.

Ademais das negativas localizadas, tamén se observou un novo depósito baixo a UE 108. Esta trátase dun nivel de cor marrón claro (**UE 109**), de composición lixeiramente mineral, a cal era cortada polas fosas, non sendo escavada.



Pedra fincada na esquina SE da sondaxe, vista dende o E



Foxa 01, vista dende o W

A foxa número 01 contaba cunha orientación SE-NW, estando formada por

un depósito que a colmaba (**UE 102**), de cor marrón e de compactidade baixa, o cal contaba cunha potencia de 48-50 cm, así como presentaba, nos dos dous extremos da foxa, varias lousas, mais sen disporse de forma ordenada.

Este sedimento foi retirado, pero sen localizarse restos óseos no seu interior, así como tampouco outros restos materiais.

Ademais do sedimento que reenchía a foxa, esta estaba composta por unha interface (**UE 103**), a cal corta a UE 108, 109, como o nivel de xabre natural baixo esta, acadando unhas dimensións de 1.95 m de longo, 72 cm de ancho e unha profundidade de 50 cm.



Estado final da foxa 01, vista dende o W

No extremo E da foxa 01, cortando a esta, localizouse a foxa 02, a cal continuaba cara o perfil, polo que se decidiu a ampliación da sondaxe 1 m cara o E tentando abarcar por completo a foxa 02.



Ampliación da sondaxe cara o E, vista dende o NW

Na zona ampliada, unha vez retiradas os niveis superficiais (UE 100 e 101), puido visualizarse en planta a foxa 02. Esta contaba cun depósito de recheo (**UE 104**), de cor marrón-amarela, adherente e de compactidade media-baixa de 35-40 cm de profundidade. Estaba composta por terra de matriz arxilosa mesturada con xabre, na cal se localizaron dous fragmentos cerámicos. Pertencen a un galbo e a un borde, este último de borde oblicuo biselado que poderíamos encadrar entre os séculos XII-XIV.



Fosa 2 (UE 104 depósito), vista dende o S

Procedeuse á retira do depósito que colmaba o corte (**UE 105**), que ao igual que a fosa 01, cortaba a UE 108, 109 e o xabre, así como tamén a fosa 01 no seu extremo SE. A -40 cm do inicio da fosa, esta estréitase, pasando dos 80 cm de ancho a 37 cm no extremo SE e a 60 cm no extremo NW, sendo observado ademais un nivel de lousas dispostas horizontalmente (**UE 106**).



Foxa 02, vista dende o S

Estas son retiradas, localizándose baixo elas un nivel de cor marrón-amarelenta (**UE 107**), de compactidade moi baixa e granulometría media entre os 17 e os 20 cm de potencia, que se sitúa sobre o nivel de xabre natural, así como tampouco son localizados restos óseos nin material arqueolóxico.




Retirada da UE 107, vista dende o W



Foxa 02 baleira, vista dende o N

Dada a ausencia de restos óseos, así como a tipoloxía das lousas localizadas na foxa 02, e o material cerámico atopado, fai interpretar as foxas localizadas (01 e 02) como enterramentos antigos, probablemente medievais, polo que sumado a ausencia de outros indicios de enterramento recente, decídese realizar unha ampliación cara o NE.

Así, ampliáase unha superficie de 40 cm cara o N por 1.70 m cara o E, onde tras retirar as capas superficiais (UE 100 e 101), obsérvanse dúas negativas máis.



Foxas 03 e 04 na esquina NE da sondaxe, vista dende o E

As dúas foxas presentan unha orientación SE-NW, situándose en paralelo, sendo visible en extensión variable. Mentres o depósito que colma a focha 03 (**UE110**) se observa nunha extensión de 1.35 m e 70 cm de ancho, o depósito da focha 04 (**UE 112**) reduce a súa lonxitude visible a 62 cm e 42 cm de ancho.

Procédese á retirada parcial (-40 cm) da UE 110, un nivel de coloración marrón-amarelenta de compactidade media-baixa e granulometría media, na que se observa a mestura de terra orgánica con elementos minerais, onde foi recuperado un fragmento cerámico, así como no extremo W se localiza unha pedra fincada.

Coa retirada parcial desta UE é posible observar o corte (**UE 111**) realizado para a elaboración do enterramento, o cal está cortando a focha 04 polo seu lado N, e polo tanto, é posterior á mesma.

